

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CORUÑA, A

Xestión Tributaria

Aprobación dos padróns fiscais do Imposto sobre Bens Inmóbles 2026 do Concello da Coruña

EDICTO

Exposición pública da aprobación dos padróns fiscais IBI 2026

Por Delegación da Xunta de Goberno Local (acordo delegación do 04.07.2024 publicado no BOP núm. 129 do 05.07.2024), o primeiro tenente de alcaldesa concelleiro responsable da Área de Economía e Planificación Estratéxica, mediante resolucións de data 28.04.2026, aprobou o Padrón fiscal do IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES URBANOS e o Padrón Fiscal do IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES RÚSTICOS, correspondentes ao EXERCICIO 2026.

De conformidade co disposto no artigo 102 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, e artigo 61 da Ordenanza xeral de xestión, recadación e inspección dos tributos e doutros ingresos de dereito público municipais do Concello da Coruña, os padróns fiscais aprobados quedan expostos ao público durante o PRAZO DUN MES, contado a partir da publicación, podendo consúltalos no Departamento de Facenda do Servizo de Xestión Tributaria, localizado no primeiro andar do edificio dos Servizos Económicos do Concello, na rúa da Franxa, núm. 20.

Durante o dito prazo, as persoas interesadas poderán examinalos e formular alegacións, así como presentar, no PRAZO DUN MES seguinte á finalización do período de exposición pública, os seguintes recursos:

- Con carácter previo e potestativo, o recurso de reposición previsto no artigo 14 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.
- Reclamación económico-administrativa, que terá carácter preceptivo previo ao recurso contencioso administrativo, prevista no artigo 137 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases do réxime local, segundo redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local.
- Ambos recursos non poderán ser simultáneos; de producirse esta situación tramitarase o presentado en primeiro lugar e declararase inadmisíbel o segundo (artigo 222 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria).
- Calquera outro recurso que se estime procedente.

Este anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do disposto no artigo 102 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

A Coruña, a 29 de abril de 2026

José Manuel Lage Tuñas

O concelleiro responsable da Área de Economía e Planificación Estratéxica

2026/2767